

LITERATURA

PRIMEIRO PREMIO - 2005

Francisco Calo Lourido

Ilustracións: Tucho Fernández Calo

**Cando aquela muller me berrou que non bebera,
xa levaba a bordo tres ou catro grolos ben cumpridos.**





«O cano norte»



Cando aquela muller me berrou que non bebera, xa levaba a bordo tres ou catro grollos ben cumpridos. Souben logo que a auga daquel cano norte botaba fóra de cristián non so ás xentes, senón mesmo ós coches, como disque lle pasara a aquel Hispano-Suízo de punto, no que, camiño de Lobeira, ía de latrique e esmorga un fato de mozos galeguistas. A advertencia da vella só me suscitou un lixeiro sorriso, disimulado por un “graciñas, pero malo será, oh!”, mentres limpaba co pano da man os agradecidos e mollados beizos.

-Non diga que non lle avisei, que con estas cousas nunca se sabe -respondeu ela. Se eu lle contara...

-Parece mentira, pero xa ves que aínda queda xente ben crida -dixo Mariña.

-Non creas ti todo canto che digan. Ós paisanos vailles moito iso de se facer os parvos para se rir dos forasteiros -respondín eu, mentres lle botaba unha ollada á fachada do mosteiro.

-¿Lembras o que lle dixo o borracho aquel do ano pasado ó santo ese do libro? -dixo Mariña.

-¿Borracho dis ti? ¿E non sería que bebeu auga do cano norte?

-Si, home. Se cadra agora chámanlle así ó licor café. Iso si, hai que lle recoñecer que tivo o seu mérito. Sería máis ou menos por aquí por onde parou, fitouno ben fitado, así, de embaixo enriba, e soltoulle: “Mira que es lacazán. Levas aí toda a vida co libro aberto e aínda non pasaches unha folla, desgraciado”.

-¡Veña! Déixate de lérias e imos indo, que non habemos de coller sitio para comer.

-¡Que presa che entrou! Se aínda vén de dar agora mesmo a unha da tarde.

-Vaite nesas e non corras. ¿Xa non lembras o ano pasado? ¿Ti non viches a cantidade de coches que viñan, canda nós, de Ourense?



Deixamos o coche no Campo da Escola, non sen problemas para atoparlle un oco, e botámonos a andar por unha Rúa da Barronca ateigada de xente con gañas de festa.



**Pero ese gran de sal grosso
fíxome ver as estrelas todas.**

-Imos primeiro mirar como andan de sitio as polbeiras; non sexa...

-Mira que traes fame hoxe, ¿seica non almorzaches? E polbeiras serán as dornas da túa terra, pero aquí as mulleres que cocen o polbo son pulpeiras.

-Ai, a min, tanto che me ten o que sexan. O que non quero é quedar sen sitio. Despois xa miraremos a romaría. Como dixó o poeta, "primeiro beber e despois filosofar".

-Si, home, si. Estás ti un primeiro beber e máis un poeta...

Recendía ben o polbo e moito sitio xa non había; pero para nós chegounos. O cefalópodo, como

diría o amigo Lopiños, estábache bo, tirando un bichiño a duro; pero con sustancia. Non é o noso, con esa pel suave que talmente semella lencería fina. Este das feiras ten unha tona branca que fala canario, pero eu non sei se é a man, o aceite de garrafón ou os pratos que pasan duns para outros sen ver auga, o caso é que sabe que parte e o pan de bola mollado no prebe non ten que envexar a ningunha cocina de deseño.

E de súpeto pasou.

-¡Cago en...!

-¿Que tes? -di Mariña. ¿Que che pasa?

-¡Cago na puta! ¡Alá vai a moa ó carallo!

Había días que aquela moa me andaba ás voltas. Era unha cousa xorda, calada, que ía e viña; pero ese gran de sal grosso fíxome ver as estrelas todas.

-¿Segue? ¿Non che calma?

-¡Cala a boca! ¡Como doe...! -Rosmei, apertando a queixada coa man.

-¡Vaia, home, tamén tivo que ser hoxe...! Agora, ti tamén es moi abandonado; xa tiñas que ter mirado por ela hai tempo.

-¡Isto non hai Deus que o aguante! Fai favor, pídemme aí un pouco de augardente para atortoral.

Nin con esas. Entre o pemento do polbo e o augardente a repousar contra a enxiva, xa tiña todo o lado da cara a durmir, e o único que se mantiña ben esperto era a filla da puta da moa. Tal cal semellaba que me espetaban agullas polo medio do nervio. Alá vai a festa antes de empezar. Haberá que ir buscar por unha farmacia de garda.

-¡Oia, mire unha cousa! -dixo un comensal veciño, mentres limpaba a boca cun pano de mesa de papel con puntillas. Seica este ano se puxo a traballar aquí na romaría un dentista.



-¿Un dentista nunha feira de artesanía? -estrañouse Mariña.

-Disque si. Pregunten en información, alá na rúa do Castelo.

-¡Éche ben raro! Pero por mirar que non sexa. ¡Moitas grazas! ¿Non che pasa, non? Pois veña. Imos alá.

-¡Boa tarde! -saudou Mariña. Mira, dixéronos que hai un dentista traballando na romaría.

-Si hai -asentiu unha mociña que alí andaba de azafata. Quédalle aí pola Rúa da Vila adiante, mesmo na casa que hai entre dous oleiros.

-¿E como se puxo aquí un dentista?

-Foi unha cousa ben curiosa -respondeu a moza. Chegou pola Deputación, dicindo que el era un artista e que tamén quería montar aquí o seu obradoiro.

-Pero un dentista parece que non acae neste sitio -dixo Mariña.

-Este home sempre foi moi raro -engadiu a moza. Agora está xubilado; pero traballou toda a vida en por el e máis nun centro de saúde de aí de Ourense e disque, cando se xubilou -miren se sería túzaro- nin un só dos compañeiros se apuntou para lle ir á comida; e o director da clínica seica lle deu trinta euros para que fora comer a onde quixera e máis un par de folios co seu discurso para que os lera el mesmo, cando estivera na sobremesa. Eu non sei se iso foi certo ou non; pero é o que se conta. Agora ben, agarrado ten que ser moito para vir montar aquí unha consulta tal día coma hoxe. Pero ó señor pódelle vir ben.

-¡Veña Mariña, imos onde sexa que isto non para!

-Imos. ¡Grazas, mociña!

Quedaba ben preto o sitio, alí, en pasando un oleiro.

-¡Boa tarde!

-¡Boa tarde! ¡A ver, oh!, ¿que é o que lle pasa?

-Esta moa -dixen eu, acenando co dedo desde fóra da boca, que case non daba aberto.

-Sente aí. Imos mirar.

Vendo aqueles ollos fóra del, empezo a suar frío e a sentirme só.



O home aparentaba uns sesenta e moitos anos. Vestía unha bata na que se vía o distintivo do SERGAS, que un adhesivo da romaría non conseguía ocultar de todo. No medio da habitación había algo que lembraba o complicado asento dos dentistas e enriba dunha cómoda uns cantos trebellos e botes. Sentei. Botoume para atrás, tireume un pano por riba do peito e mandoume abrir a boca.

-¡Ai, ai, ai! Temos aquí un bó furado -dixo o home da bata. Esta moa xa lle tiña que vir doendo de hai tempo. A ver que podemos facer. Se eu fora outro, xa lla tiraba agora mesmo e remataba; pero penso



que poderemos salvara. Xa verá como de aquí a un pouco sae vostede por esa porta sen dor ningún e con moa para durar. I mos empastar nela.

Eu, con tal de deixar de sentir aquilo, estaba disposto a que fixera alí mesmo unha canteira, se era preciso.

-Mire unha cousa -dixo el. Vostede ten pinta de aguantar ben, por iso non imos poñer anestesia, e así, en canto rematemos o choio, pode volver á romaría e todo arranxado.

O espazo pequeno, as paredes brancas, mobles só os ditos e un calendario pendurado dun cravo conferíanlle ó cuarto un ar minimal de palleiro desacougante. Estabamos os dous sós. Mariña quedou fóra: Maréase con estas cousas. Eu ollaba o teito.

-Abra ben a boca e sosteña isto aquí -dixo el, mentres me metía debaixo da lingua o trebelliño ese que empregan para succionar o cuspe.

Non se pode negar que vou ter que traballar algo. Este artista nin axudante ten. Así tódolos cartiños son limpos. Ando con estes pensamentos, cando empeza o torno a xirar con ese agudo e horrible ruído, variando de ton, segundo afondaba na moa. Eu sosteño o tubiño e, de súpeto, ¡meu Deus! Aquilo entrou a tope e a dor de antes desapareceu deixando lugar ó inferno. E o artista este segue e segue furando e eu, ollando cara arriba, vendo aqueles ollos fóra del, empezo a suar frío e a sentirme só. Para en seco e, como se fora eu o causante dos males da humanidade, sóltame:

-¡Moito sangra esta moa! ¡Así non hai xeito! ¡Sosteña ben a bomba esa! ¡Cuspa!

Todo era encarnado; pero na boca xa non sentía nada.

-A ver, ¡abra ben e non mova a chuchona esa!

Outra vez. Veña a furar e veña ese ruído e un cheiro como de corno queimado. E eu coma o parvo, vou e obedezco. ¿Por que me estará remoendo na cabeza Hitchcock?

-Semellou eterno, pero por fin rematou.

-Esta puta está confesada -sentenciou el. Matei o nervio e agora imos preparar o empaste.

Mentres fozaba con tubos e remexía algo enriba da cómoda, empecei a sentirme aliviado. Doíame todo, pero xa non era aquilo punzante e agudo de antes. Aí ven cara a min cunha espátula e unha pasta gris na punta.

-¡Abra a boca outra vez!

Abrina; pero non sei como fixo que alá vai a pasta. Botou un xuramento e empezou a buscala polo babeiro que me puxera. Nada.

-A ver, levántese por se caeu no asento -orde noume.

Erguinme, púxenme de pé e alí nos vemos os dous na procura dun anaco de pasta gris. Naquela cousa non estaba e, busca que busca, por fin vexo un grumo roñento no chan.

-¿Será iso? -preguntei.

-Xusto. ¡Veña, sente!

Recolleu aquela porcallada do chan coa espátula e chantouma no furado que me abrira na moa. Mentres apertaba nela, eu matinaba que todo aquilo non podía ser verdade. Era imposible que se fixeran cousas así.

-¡Peche a boca e aperte! -mandoume. Xa está, ¿a que xa non lle doe nada?

Eu non sei, se me doía ou non me doía; eu só quería desaparecer de aquí.

-¡Moi ben!, estou perfectamente -dixen eu. Dígame canto lle teño que dar.

-Por ser prezo de feira, cento cincuenta euros. Ata mañá procure non comer nada sólido e, se nota molestias, tome unha aspirina.

Paguei e saín buscando aire con tanto afán que case non vexo a Mariña.

-¡Imos de aí para a casa, que isto non ten xeito! -dixen eu.

-A ver, ¿que pasou? ¿Que che fixo?

-Xa che contarei. Isto é cousa de tolos. Mírame aquí, ¿teño algo? -díxenlle abrindo ben a boca, porque eu



non estaba moi certo de que fora verdade o que viña de suceder.

-Tes todo inflamado e un empaste enorme. ¿Dóche?

-Non sei nin se me doe. Imos de aí coller o coche e para a casaña.

-¿Pero que pasou aí dentro? -insistiu ela.

-Nada.

Chegamos ó aparcadoiro e alí está o coche cun faro desfeito e un rascón na aleta.

-¡O que faltaba para mellor gardar os divinos!
-dixen eu, xa sen folgos nin para xurar.

-Menos mal que deixaron unha nota no parabrisas -dixo Mariña. Aínda queda algunha xente con conciencia no mundo.

Colleu a nota e leu en voz alta: "Vino todo. Son Carlos, o cego da esquina".

Aquilo foi demasiado. Coidei que xa se me derramara todo o sentido; metémonos no coche, arranquei e marchei toliño, pola congostra embaixo, a me encomendar á Virxe de Curros, mentres, machucando para dentro, xuraba non volver a catar auga no que me quedara de vida.

**Vino todo. Son Carlos,
o cego da esquina.**

